

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Resultando de necesidade a contratación de dous postos na categoría de auxiliar de axuda no fogar para dar cobertura ao periodo vacacional do persoal contratado, así como para elaborar unha listaxe de reserva para garantir a asistencialidade do servizo para posibles substitucións do persoal contratado, derivadas de necesidades de cobertura de permisos, baixas por I.T., vacacións, acumulación de tarefas e/ou outras situacións análogas, cumprindo así as condicións esixibles nun servizo esencial como é o de axuda no fogar, conforme as facultades que me confire o artigo 21.1 g) da Lei 7/1985. De 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o principio de axilidade neste tipo de porcesos, sinalado pola Lei do Estatuto Básico do Empregado Público vixente.

Tras a constitución da bolsa actual por resolución de alcaldía nº 0222-2023 do 15 de xuño de 2023 con vixencia de dous anos, considerando ésta insuficiente para a cobertura de forma temporal do persoal auxiliar por quedar deserta a actual, sendo o servizo de axuda no fogar un servizo esencial de prestación.

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo mediante concurso de méritos para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar de axuda o fogar, para as substitucións do persoal en plantilla por acumulación de tarefas e/ou baixas por I.T do persoal, permisos, e outras situacións análogas que poidan producirse.

**Segundo.-** Envíar ao Servizo Público de Emprego (SEPE Lugo-SUR) a oferta de emprego para a elaboración dunha bolsa de emprego, a fin de axilizar o proceso de contratación.

**Terceiro.-** Esta resolución, xunto coas bases que rexen a convocatoria, publicarase na páxina web, taboleiro e sede electrónica do Concello.

**Asinado electrónicamente á marxe do documento**  
**O Alcalde-Presidente**  
**Pablo Rivas Folgueira**

